



**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO
DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 7 de marzo do 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIAS ANTE SITUACIÓNS DA SECA

Vista a proposta formulada pola primeira Tenente de Alcalde a Xunta de goberno Local por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- Prestar aprobación ao proxecto do Plan Municipal de Emerxencias ante situacións de Seca.

Segundo.- Prestar aprobación ás bases ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPLEO DE BOMBEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DERIVADAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIAS ANTE SITUACIÓNS DE SECA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, derivada da aplicación do Plan, co seguinte detalle:

“PRIMEIRA.- Obxecto da Convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE BOMBEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DERIVADAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIAS ANTE SITUACIÓNS DE SECA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, plazas de persoal laboral temporal pertencentes ao Grupo C2.

O procedemento selectivo revestirá o sistema de concurso de méritos

SEGUNDA.- Características das prazas.

As prazas convocadas están encadradas no Grupo C2, de acordo coas equivalencias previstas na Disposición Transitoria Terceira do TREBP en relación coa Disposición Adicional Sexta.

As retribucións serán as que procedan en cada caso.

TERCEIRA.- Requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.*
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.*
- c) Estar en posesión do graduado escolar ou en ensinanza secundaria obligatoria ou título equivalente ou superior.*





d) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.*

e) *Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houbera separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

f) *Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.*

g) *Ter ingresado na conta ES96 2080 0126 2031 1000 0019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 15,73€ previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 290 do día 20 de decembro de 2016. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.*

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Será nula a contratación laboral dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

CUARTA.- Presentación de solicitudes.

4.1.- Aqueles que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello, ou polos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes que se cursen a través das oficinas de Correos, deberán presentarse en sobre aberto, para que o funcionario correspondente poida estampar nelas o selo de datas antes de certificarlas.

Os aspirantes manifestarán na súa solicitudes que reúnen todas e cada un dos





requisitos esixidos.

Á solicitude de participación deberán acompañarse os documentos acreditativos dos diferentes méritos que se desexen facer valer, mediante fotocopias simples ou certificación acreditativa dos méritos, de conformidade coa base 7.3 da presente convocatoria, así como a memoria funcional sinalada na base 7.5 da presente convocatoria.

Non se terán en conta os méritos presentados una vez rematado o prazo de presentación de solicitudes.

Os aspirantes poderán subsanar a omisión na súa solicitude dos requisitos recollidos no art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non poderán subsanar a solicitude nos supostos seguintes: concurrencia a sistemas selectivos diferentes dos das prazas convocadas, non facer constar que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, presentación da solicitude de forma extemporánea, falta de pago dos dereitos de exame e pago parcial, así como omisión de calquera outro dato ou requisito diferente dos relacionados no art. 66 da referida Lei 39/2015.

4.2 Os dereitos de exame serán de 15,73 € conforme ao establecido na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 290 do día 20 de decembro de 2016

A falta de presentación do resgardo orixinal acreditativo do abono da taxa por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes determinará a exclusión do aspirante ao proceso selectivo.

En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación.

QUINTA.- Lista de admitidos e excluídos.

5.1 Expirado o prazo de presentación de solicitudes, comprobado o pago de dereitos de exame e demais requisitos de acceso, o Alcalde, no prazo máximo de dez días hábiles ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión. En dita resolución publicárase no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Monforte de Lemos así como a designación nominativa da Comisión de Calificación. Os restantes anuncios do





procedemento selectivo serán publicados no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Monforte.

5.2.- Os erros de feito poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado. En todo caso, a Resolución anterior, establecerá un prazo de 10 días naturais para a presentación de reclamacións e subsanación de erros polos interesados lexítimos, de conformidade co disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.3.- Transcorrido o prazo de reclamacións, no caso de non haberlas, a lista provisional considerárase como definitiva. Se as houbera, serán aceptadas o rexeitadas pola Alcaldía na que declarárase aprobada a lista definitiva de admitidos ou excluídos, que será publicada na forma indicada anteriormente.

SEXTA.- Comisión de Valoración.

6.1.- Estará constituída por un Presidente e dous Vocais, con voz e voto e un Secretario, con voz e sen voto, e os seus correspondentes suplentes.

Os integrantes da Comisión deberán poseer nivel de titulación igual ou superior ao esixido para as prazas convocadas.

De conformidade coo establecido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como paridad entre muller e home.

A súa composición será predominantemente técnica, rexendo o principio de especialidade das prazas convocadas.

6.2.- Os membros da Comisión deberán absterse de intervir cando concurren as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, ou si realizan tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á Función Pública nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria, de conformidade co establecido no art. 13.2 do R.D. 364/1995. Asimesmo, os aspirantes poderán recusar en calquera momento aos membros da Comisión cando concurren as circunstancias previstas anteriormente.

6.3.- Para a válida constitución da Comisión requirirase a presenza do Presidente e o Secretario e non poderá constituirse nin actuar sen a presenza de, alomenos, a metade máis un dos seus membros.

A Comisión de Valoración poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220591805
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2022		Fecha: 24/03/2022
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 24/03/2022		Hora: 18:07
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2022 18:07:14		





acordos necesarios para a tramitación e bo orde das convocatorias.

6.4.- A Comisión poderá estar asistido dos asesores necesarios, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas e actuarán con voz e sen voto.

6.5.- Os membros da Comisión e os seus asesores serán indemnizados polo concepto de asistencias por participación en procesos de selección, clasificándose atendendo ao Grupo de pertencencia das prazas convocadas dentro das categorías primeira a terceira, conforme ao disposto no art. 30 do R.D. 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SÉTIMA.- Sistema de acceso.

7.1. O sistema selectivo será o concurso de méritos, que consistirá na valoración de méritos, na defensa dunha memoria funcional e unha entrevista curricular. Para poder acceder á lectura da memoria funcional a puntuación mínima que ha de obterse na valoración dos méritos alegados será de 6'5 puntos.

7.2 Inicio do proceso: A Comisión fará pública as puntuacións que se deriven dos méritos presentados polos aspirantes xunto coa solicitude de participación. E convocará os/as aspirantes para a realización da entrevista curricular.

Á vista das puntuacións obtidas, a Comisión convocará á lectura da memoria funcional aos aspirantes que obtiveran a puntuación mínima de 6'5 puntos descrita anteriormente. Unha vez rematada a lectura e exposición da memoria, a Comisión Calificadora revisará a puntuación correspondente aos méritos alegados polos aspirantes, publicando o resultado definitivo co desglose do resultado obtido na baremación de méritos, na memoria e na entrevista curricular.

7.3 -Valoración de méritos.

Os méritos alegados e xustificadas documentalmente, serán valorados cun máximo de 20 puntos, con arreglo ao seguinte baremo:

7.3.1. Experiencia profesional: ata un máximo de 8 puntos.

*a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en postos con funcións iguais e do mesmo subgrupo de pertencia ás prazas ás que se opta,
..... 0,15 puntos/mes.
Puntuación máxima.....4 puntos.*





b) Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Monforte en postos con iguais funcións e do mesmo subgrupo de pertenza á praza que se opta os aspirantes poderán incrementar a puntuación obtida no apartado anterior en 0,25 puntos/mes.

Puntuación máxima8 puntos.

A prestación de servizos en calquera administración pública acreditarse aportando certificación administrativa de dito extremo.

7.3.2. Formación: ata un máximo de 1 punto.

Valoráranse os cursos de formación, seminarios, congresos ou xornadas de especialización relacionados coas funcións da praza que se convocan impartidos por centro ou institucións oficiais: Universidade, Administración Pública ou Corporacións de Dereito Público (Colexios Profesionais, etc.) ou ben, por institución pública ou privada (Asociación Empresarial, Sindicato, etc.) en colaboración cunha Administración Pública, así como aqueles incluídos no Acordo para Formación Continua nas Administracións Públicas, con arreglo ao seguinte baremo:

- Pola participación como asistente, 0'05, por cada hora de duración.*
- Pola participación como ponente ou por impartir un curso, 0'10 puntos por cada hora de duración.*

Os cursos impartidos ou recibidos nos que non se exprese duración serán valorados cunha puntuación mínima de 0'05 ó 0'10, en cada caso.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberá especificarse o número de horas, en caso contrario valoraránse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Non se valorarán os cursos repetidos, salvo que a materia obxecto do curso experimente cambios relevantes.

7.3.3.- Probas superadas: ata un máximo de 2 puntos.

Por ter aprobados todos os exercicios de probas selectivas celebradas no ámbito das Administracións Públicas para cubrir plazas iguais ás que se pretende acceder0,5 puntos por cada proba.





Por haber aprobado todos os exercicios de probas selectivas celebradas no Concello de Monforte para cubrir plazas iguais ás que se pretende acceder1 punto por cada proba.

Este apartado acreditaráse con certificación administrativa o respecto.

7.4. Encontro curricular

Consistirá nun breve encontro coa Comisión de Valoración no que ésta plantexará preguntas o/a aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o desempeño das súas funcións.

Valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

Puntuaráse cun máximo de dos (2) puntos.

7.5 Defensa dunha memoria funcional.

Consistirá na defensa dunha memoria funcional na que os/as aspirantes exporán as súas propostas para a implementación do Plan da Seca e as melloras que consideren axeitadas ó previsto no mesmo.

Valorase a corrección técnica das propostas, a claridade de ideas e a aplicación razoada de coñecementos.

Puntuaráse cun máximo de sete (7) puntos.

OCTAVA. Recursos.

Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, o ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Monforte, no prazo de dous meses, ambos contados dende a publicación de aquélas. "

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital.

Vº E PCE.

O ALCALDE





FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2022
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 24/03/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2022 18:07:14

